

Unha pantasma na cama

1. Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Unha pantasma na cama

Cando os ollos lle empezaron a faiscar, coma unha lámpada frouxa, saíu da cama para ir baleirar a vexiga por última vez.

Cando volveu ao cuarto e viu o que pasara, quedou coa boca aberta. Tiña a cama toda desfeita. O conto e a manta estaban no chan e diante dela erguíase a saba que lle regalara o avó.

Aguantábase soa, coma se estivese amidonada. Na parte de arriba, dous furados da medida das moedas dun euro brillaban intensamente, coma dous soles na noite.

A saba, cando viu a rapaza diante dela, pediu:

–Chiss! Non digas nada, por favor.

Uxía pechou os ollos e beliscou as fazulas, porque pensaba que estaba dentro dun soño. Cando os volveu abrir, a estraña presenza branca continuaba impondo coa súa figura no medio do cuarto.

Uxía saíu e volveu andar cara ao lavabo. Lavou a cara, convencida de que estaba a soñar. Ao saír, atopou a súa nai no corredor:

–E logo tópaste mal, filla? –preguntoulle.

–Non, pero é que volvía ter pis –mentiu.

–Claro, bebiches tanto!

Acariñoulle os cabelos e engadiu:

–Veña, para a cama, que mañá non ha de haber quen te erga.

Cando volveu ao dormitorio, todo continuaba coma antes: a cama desfeita, o seu libro no chan e a saba ergueita diante dela, estirada coma un pau e cos dous furados brillantes.

Uxía ousou preguntar:

–Estou soñando, non si?


A saba moveuse amodiño e respondeu:

–Non, non soñas. Sonche unha pantasma.

Uxía, cando oíu esa palabra, colleu o seu osiño e colocouno diante, coma se fose un escudo que a fose protexer do ataque dun inimigo.

–Unha que? –preguntou cun fío de voz máis fino ca un espaguete.

–Unha pantasma –repetiu a saba.



2. Marca a oración que resume mellor o sentido xeral do texto.

- Unha rapaza ten un soño sobre pantasma.
- Uxía ten moita sede e fai pis moitas veces.
- A saba de Uxía toma vida e di que é unha pantasma.
- É a historia dunha rapaza que lle di mentiras á nai.



3. Relaciona o inicio e o final de cada comparación da lectura.

- | | |
|------------------------------------|-------------------------------|
| A Uxía, os ollos faiscábanlle • | • coma se fose un escudo. |
| A saba aguantábase soa • | • máis fino ca un espagete. |
| Os furados da saba brillaban • | • coma dous soles na noite. |
| A saba estaba ergueita, estirada • | • coma unha lámpada frouxa. |
| Uxía colocou o osiño diante • | • coma se estivese amidonada. |
| Uxía preguntou cun fío de voz • | • coma un pau. |

4. Responde. Que accións fai Uxía para comprobar se estaba a soñar?

5. Ordena os feitos da narración.

- Ao saír do lavabo por segunda vez, atopa a nai no corredor.
- De novo no cuarto, a presenza confírmalle que é unha pantasma.
- A Uxía faiscábanlle os ollos porque lle dá o sono.
- A rapaza vai ao lavabo lavar a cara, convencida de que está a soñar.
- Cando volve ao cuarto, atopa unha presenza misteriosa.
- Uxía vai facer pis antes de durmir.

6. Describe, con palabras túas, como é a pantasma.

TAREFA 1. Unha pantasma na cama

7. Completa as seguintes oracións.

- A nai di que Uxía ten pis porque _____
- A saba pide por favor que _____
- A saba fora un regalo _____
- Antes de durmir e de ir ao lavabo, Uxía estaba _____

8. Completa a táboa con substantivos comúns tirados da lectura.

Personaxes	Lugares da casa	Obxectos no cuarto
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

9. Contesta. En que momento do día se desenvolve a acción? Explica como o sabes.

10. Relaciona cada palabra co seu significado.

- amidonado • Causar respecto, admiración ou medo.
- vexiga • Impregnado con amidón para que quede teso.
- impoñer • Ter o valor suficiente para facer algo.
- ousar • Bolsa do corpo onde se acumula a urina.

13. Copia unha palabra con maiúscula da lectura en cada caso.

Ao principio do texto	Despois de punto	Nome propio
_____	_____	_____

14. Responde. Se non aparece na lectura, invéntao.

- Que título ten a lectura? _____
- Que momento ilustra o debuxo? _____

- Por que se terá que erguer cedo Uxía? _____



15. Escribe unha palabra da lectura derivada das seguintes.

- | | |
|------------------|--------------------|
| • faísca ▶ _____ | • intenso ▶ _____ |
| • feito ▶ _____ | • presente ▶ _____ |
| • amidón ▶ _____ | • correr ▶ _____ |

16. Imaxina e responde. Que queredía a pantasma? Como continuará a historia?
